



MOZILLA RECOÑECE A EXISTENCIA DA VERSIÓN GALEGA DO FIREFOX E ABRE AS PORTAS PARA INTEGRALA NOS SERVIDORES OFICIAIS DA FUNDACIÓN

- O galego será un dos idiomas oficiais do popular navegador Firefox, co apoio da Consellaría de Innovación e Industria
- O presidente da Fundación Mozilla-Europa ven de rectificar as súas declaracións públicas sobre a tradución ao galego de Firefox, o navegador libre para a web máis coñecido

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2008. O presidente e co-fundador da Fundación Mozilla-Europa, Tristan Nitot, ven de rectificar as súas declaracións a tradución ao galego de Firefox, o navegador libre para a web máis coñecido, nas que afirmaba que non existía unha versión en galego do popular programa informático e que non a habería se ningún se presentaba.

A comunidade galega de tradución de software interpelou a Fundación Mozilla por estas declaracións, xa que leva máis de dez anos traducindo software, incluído o navegador Firefox dende as súas primeiras versións. Esta interpelación foi respaldada pola Consellaría de Innovación e Industria ao constatar que era a propia Fundación Mozilla quen impedía a normalización do galego na tradución do Firefox ao rexeitar sucesivamente as distintas propostas de coordinación que se lle foron presentando ao longo dos últimos anos.

Finalmente foi o propio presidente da Fundación Mozilla, Tristan Nitot, quen emitiu un comunicado público (<http://standblog.org/blog/post/2008/05/22/i-love-you-too-Galego>) rectificando as súas declaracións iniciais.

Con todo, o resultado máis importante destas xestións coordinadas a través do Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, da Consellaría de Innovación e Industria, é que o presidente da Fundación Mozilla-Europa *confía en que moi pronto Firefox 3 poida estar dispoñibel en galego*, confirmando que *Mozilla e Mancomún traballan conxuntamente na mesma dirección*.

Cerca de 10.000 descargas de Firefox en galego

O Centro de Referencia e Servizos de Software Libre (Mancomún) continúa apostando pola incorporación do noso idioma ás novas tecnoloxías como factor clave para facilitar o acceso á sociedade da información en condicións de igualdade e reducir, así, a fenda dixital.

Cerca de cen mil descargas de software libre en galego acreditan a actividade de Mancomún na difusión do galego nas novas tecnoloxías. O OpenOffice.org, con máis de 60.000 descargas é o software máis popular, seguido precisamente polo navegador Firefox con máis de 10.000 descargas directas. A estas é preciso sumarlle as máis de 15.000 descargas do seu corrector ortográfico.



Ademais das descargas a través da web, Mancomún distribúe este software físicamente, do que xa foron entregadas 30.000 CD de OpenOffice e cerca de 5.000 DVD de software específico para a PEME galega.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA